

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**. Todas as preguntas, agás a primeira, teñen posibilidade de elección entre apartados. A cualificación das preguntas consigna unha **puntuación específica** para a adecuación, coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica das respostas e a observación da extensión recomendada dos textos.

TEXTO

A terrible DINA (Depresión illada en niveis altos) que atravesou Valencia como un raio na tempestade, con todas as súas **mortíferas** consecuencias, non foi unha catástrofe natural por máis que o repitamos. (...) Non é culpa da natureza: é, indiscutiblemente, de orixe humana.

Xa hai días que **renxe a expresión de “catástrofe natural”**, coma quen *bota* balóns fóra, coma se o feito de que o Mediterráneo estivese a 30°C no verán fose o normal e non teña que ver con nós. (...)

Hai moitos anos que a ciencia nos alerta de que este estilo de vida e de consumo no que estamos **inmersos é un imposible**. Antes de doar para as consecuencias desta DINA sen nome, habería que pensar na lóxica de caer na tolemia do Black Friday ou de comprar, por exemplo, *uns calcetíns* nunha web chinesa para que nolos traian *á nosa casa* a máis de 10.000 quilómetros. (...)

É unha cegueira que mata e que o vai seguir facendo porque, sabendo o que hai que facer, seguimos correndo **desnortados** cara ao **abismo**. (...)

Agochase trala palabra “natural” non vale. Non hai nada máis antinatural que ir en contra da natureza.

Rosa M. Tristán, “As catástrofes climáticas do século XXI, de ‘naturais’ nada”, *Luzes*, nº 134, novembro de 2024

PREGUNTA 1. COMUNICACIÓN. (3,25+0,75=4 puntos).

Lea atentamente o texto anterior e responda estes tres apartados:

1.1. Realice un resumo do texto destacando nel as ideas principais. Evite parafrasear o texto. Extensión aproximada: 60 palabras. **(1,25 puntos)**.

1.2. Indique e explique se o texto anterior é descritivo, narrativo ou expositivo-argumentativo. Xustifique a súa resposta con, como mínimo, tres exemplos tirados do texto. Extensión aproximada: 50 palabras. **(1 punto)**.

1.3. Explique o significado dos seguintes termos resaltados en letra grosa no texto. (Non serán válidas as respostas que unicamente indiquen sinónimos): **mortíferas, renxe, inmersos, desnortados, abismo**. **(1 punto)**.

PREGUNTA 2. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA. (1,25+0,25=1,5 puntos).

Responda un dos dous apartados seguintes:

2.1. Determine a que clase de palabra pertencen os seguintes termos que aparecen subliñados no texto. Localice, para cada caso, outras dúas palabras da mesma categoría gramatical e indique a liña na que se atopan: *con, xa, estilo, chinesa, vale*. **(1,25 puntos)**.

2.2. Indique a función sintáctica que desempeñan na súa cláusula ou oración estas cinco unidades que figuran en cursiva no texto. Localice, para cada caso, outras dúas unidades que desempeñen a mesma función sintáctica nas súas cláusulas ou oracións e sinale a liña na que se atopan: *a expresión de “catástrofe natural”; bota; un imposible; uns calcetíns; á nosa casa*. **(1,25 puntos)**.

PREGUNTA 3. A LINGUA E OS SEUS FALANTES. (1,25+0,25=1,5 puntos).

Responda un dos dous apartados seguintes:

3.1. Redacte un texto de opinión centrado na importancia do galego como lingua propia e no necesario rexeitamento dos prexuízos e estereotipos lingüísticos que impiden a súa positiva consideración. O texto deberá contar con: breve introdución, corpo de argumentación (dous argumentos como mínimo) e conclusión. Extensión aproximada: 150 palabras. **(1,25 puntos)**.

3.2. Redacte un texto de opinión centrado na importancia dos sociolectos ou variedades sociais nas linguas, en xeral, e no galego, en particular. O texto deberá contar con: breve introdución, corpo de argumentación (dous argumentos como mínimo) e conclusión. Extensión aproximada: 150 palabras. **(1,25 puntos)**.

PREGUNTA 4. EDUCACIÓN LITERARIA. (2,25+0,75=3 puntos).**Realice só un destes dous comentarios:**

4.1. Este texto de Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces, 1928-2015) pertence ao libro *Lar* (1973). Relacione o texto, brevemente, co conxunto da escrita do autor e coa narrativa do seu tempo. Indique o tema central do relato, describa a caracterización que nel se fai da figura do galo e explique a estrutura da narración. Xustifique as respostas axudándose de exemplos tirados do texto. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2,25 puntos)**.

O galo

Escoitar outra vez o galo na amañecida é como sentir as cousas no seu lugar: quentura na lareira, fume nas chemineas, asento de homes e mulleres no porral onde naceron. Nenos camiño da escola. Mozas cantando na fonte e nos prados. Foliadas. Magostos. Días de entroido con “vivas” e freques e axóuxeres. Leiras traballadas. Rumbosos palleiros con bonecos e tarabelas no curuto. Mocidade leda. Rapaces batuxando no río...

O galo canta. O seu cornetín é o mesmo de hai cen, mil, tres mil anos. Chove, ou neva, ou vai axexar o sol. Hai febreiros e agostos como sempre. Medran as árbores. Corren as augas. Garulan os paxaros.

Mais, non. O galo non o di todo. Hai casas baldeiras. Camiños baldeiros. Terras baldeiras. Moita xente amañece cada día ben lonxe dese canto. Foise do lugar, xustamente porque todo seguía no mesmo lugar, na mesma fochanca. País-maleta, país-croio, país-andoriña. Vida en desacougo. Morte esfrangullada. ¿Cantos papeis teremos de queimar, canto sangue terá de ferver, cantos amenceres han de xurdir para lle dar sentido ó cantío do galo?

Xosé Neira Vilas, *Lar* (1973)

4.2. Este poema de Luisa Castro (Foz, 1966) pertence ao libro *Baleas e baleas* (1988). Relacione o texto, brevemente, coa poesía do seu tempo. Indique o tema central do poema xustificándoo a partir de exemplos tirados do texto, describa o tipo de emisor (voz lírica) e comente tres figuras retóricas presentes nel. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2,25 puntos)**.

Anque se rían dos versos que che escribo
e que deixo agochados entre as mantas do catre
pedaleo
e Vegadeo é de lonxe unha caixa de mistos,
levo alas nas rodas,
vou na llanta,
recoñezo a paisaxe e teño alma porque fago amizades
cunha recua de cans de varios pobos e diversa índole

Ládranme porque te amo
tíranseme ós zapatos coma fanecas salvaxes.

Luisa Castro, *Baleas e baleas* (1988)